

## MESA CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATO SERVIZO SALVAMENTO E SOCORRISMO EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, 2015

### CONSTITUCIÓN MESA E APERTURA SOBRE “A”. - DOCUMENTACIÓN

#### EMPRESAS LICITADORAS

SEFORGASA, S.L.-  
MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTES, S.L.- .  
SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L.  
VIRAXES, SL  
APIO, S.L.

Constituída e reunida a Mesa de Contratación para cualificación do sobre A o día 09 de xuño de 2015, **acordou:**

“ ....

Primeiro.- **Excluir á empresa “APIO, S.L.”** porque certificou o envío da oferta a través de correo en data 30 de maio de 2015 (en prazo), pero remitiu a comunicación de dito envío vía fax, en data 1 de xuño de 2015 (fóra de prazo), non cumprindo o sinalado no punto 9 do prego, reproducido anteriormente no corpo desta acta, polo que non pode ser admitida.

Segundo.- Considerar **ADMITIDA á licitación** á empresa MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTES, S.L.- porque a presentación do sobre axustase aos requisitos que figuran no prego e a documentación presentada correspondente a dito sobre figura completa e conforme.

Terceiro.- **REQUERIR ás seguintes empresas, que pese a presentaren a documentación completa e correcta,** deberán subsanar omisións ou requisitos formais.

SEFORGASA S.L.-

Os sobres non veñen asinados polo licitador ou persoa que o represente, aínda que si figura na carátula dos sobres o cadro cumprimentado segundo se especifica no punto 9.1 do prego de cláusulas administrativas.

Analizada a documentación que consta dentro do sobre observase que determinados documentos se presentan mediante fotocopias sen autenticar.

Figura toda a documentación esixible e resulta conforme.

Deberá proceder á sinatura dos sobres “A” e “B” na parte exterior dos mesmos e presentar os orixinais da documentación que presentaron aos efectos de autenticala.

SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L.-

A presentación do sobre axustase aos requisitos que figuran no prego.

Analizada a documentación que consta dentro do sobre observase que determinados documentos se presentan mediante fotocopias sen autenticar.

Figura toda a documentación esixible e resulta conforme.

Deberá presentar os orixinais da documentación que presentaron aos efectos de autenticala.

VIRAXES, SL.-

A presentación do sobre axustase aos requisitos que figuran no prego.

Analizada a documentación que consta dentro do sobre observase que determinados documentos se presentan mediante fotocopias sen autenticar.

Figura toda a documentación esixible e resulta conforme

Deberá presentar os orixinais da documentación que presentaron aos efectos de autenticala.

Cuarto.- De conformidade co disposto no artigo 9.4. do Prego de cláusulas administrativas particulares, as omisións ou deficiencias na documentación deberán subsanarse e presentarse **no prazo de tres días** dende o percibo da comunicación do requerimento, nas oficinas municipais (Secretaría).

Quinto.- Que por parte da Secretaria da Mesa se publique o contido deste acordo no taboleiro de anuncios e no perfil do contratante; se faiga o requerimento ás empresas e se comunique o rexeitamento acordado pola Mesa.

Valdoviño, 09 de xuño de 2015

O Presidente da Mesa

A Secretaria da Mesa

Asdo: José Antonio Vigo Lago

Asdo: Pilar Rivera Rodríguez